



UNIVERSIDADE
DE
VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Carlos Alcalde González
D. Miguel Alfonso Pallarés
D. Lluís Alonso Bacigalupe
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Heliodoro Alvarez Conde
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
D. Ramón Araujo Casado
D. Pedro A. Araujo Nespereira
D^a M^a Cristina Arias Fernández
D. Xosé Carlos Arias Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Ramón Barreiro García
D. José Luis Barros Díaz
D. Gustavo Bergantiño Cid
D. Francisco Ramón Botana Ferreiro
D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
D. Camilo Brandín Feijoo
D. Jorge Bravo Bernárdez
D. Enrique J. Buch Gómez
D^a Soledad Bugallo Petit
D^a M. Alicia Cachafeiro López
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. José Luis Capelo Martínez
D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Alfonso Caride Losada
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. Manuel Carracelas Graña
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Cidrás Pidre
D. Ángel Cifuentes García
D. Eusebio Corbacho Rosas
D^a Patricia Corbacho Suso
D. José M^a Correa Otero
D. Xosé Enrique Costas González
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Jesús De Andrés Iglesias
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Javier De Vicente Remesal
D^a Encarnación De Miguel Villegas
D^a Coral del Río Otero
D. Jaime Díaz de Bustamante
D^a Natividad Díaz Magadán
D^a María Diéguez Gómez
D. Domingo Docampo Amoedo
D. Luis Espada Recarey
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Areal
D^a Paula M^a Fernández Carpintero
D^a Estela M^a Fernández Carrera
D. Manuel Fernández Cruz
D^a M^a Dolores Fernández Ferro
D^a Esperanza Fernández Gómez

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día vintetrés de xullo de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 23 de xullo de 1999**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-los seguintes puntos da Orde do día:

1º.- Debate da xestión realizada polo Equipo Rectoral.

2º.- Presentación da programación anual e aprobación, se procede, da mesma.

Preside a sesión o Vicepresidente primeiro da Mesa D. Antón García Fernández, e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

Antes de comezar coa orde do día, sortéase a letra para quenda de intervencións e sae o " E " .

No punto 1, en primeiro lugar intervéñ o Rector para indicar que o balance anual e a programación do vindeiro curso xa foron presentados no Claustro do día 9 de xullo e que queda a disposición dos claustrais para escoitar as súas intervencións e responder ás súas preguntas.

O profesor Fernández Suárez critica o aumento do nivel de incerteza e a mala xestión en xeral e, en particular, a xestión no Vicerrectorado de Investigación (atraso no pagamento das bolsas de terceiro ciclo e problemas no desenvolvemento do V Programa Marco).

D^a Generosa Fernández Manín
D. Celso Fernández Silva
D^a María Fernández Silva
D. Ramón Angel Fernández Sobrino
D. Emilio Manuel Fernández Suárez
D. José Antonio Fraiz Brea
D^a Ana Gago Martínez
D. Pedro Pablo Gallego Veigas
D^a Secundina García Conde
D. Antón García Fernández
D. Guillermo García Lomba
D^a Aida García Molares
D. Manuel García Sánchez
D. José Carlos García Valladares
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Garrido Suárez
D^a Ana M^a Garriga Domínguez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Eduardo Godoy Malvar
D. J. Santiago Gómez Fraiz
D. Ramiro Gómez Lourido
D^a Alma M^a Gómez Rodríguez
D. José Luis González Cespón
D. Daniel González Laguna
D. Manuel González Lorenzo
D. Pablo González Martínez
D. Alfonso Lago Ferreiro
D. José Luis Legido Soto
D. Xoán Leiceaga Baltar
D. José Lillo Beviá
D. Martín Llamas Nistal
D. Alvaro Xosé López Mira
D. Luis López Pérez
D^a Eugenia López de Silanes Vázquez
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Benjamín Macía Fernández
D. Federico Mallo Ferrer
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D^a Romina Maneiro Cid
D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
D^a Patricia Silvia Mascuñán Tolón
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiola Iglesia
D^a Ana Belén Méndez Fernández
D. Gonzalo Méndez Martínez
D. Pedro Merino Gómez
D. Santiago Murillo Zapatero
D. Miguel Ángel Nombela Castaño
D. Luis Ortiz Torres
D. Xosé Luciano Otero Camiña
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. José Peleteiro Salgado
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Luis Pérez Gómez
D^a Nikole Pérez Mato
D^a M^a Flor Pérez Paz
D. José Pose Blanco
D. Albino Prada Blanco
D. José Carlos Prado Prado
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Manuel Angel Rey Fraile
D. Xosé Ríos Cidrás
D. Filemón Rivas Conde

A profesora Gago fala do mal funcionamento do Vicerrectorado de Investigación e di que non cre no proxecto integrador do Rector.

O profesor Gallego Veigas valora negativamente a xestión en xeral e concreta aspectos sobre a Biblioteca Central.

O profesor González Cespón opina que hai que incidir máis na preocupación pola docencia e fai unha valoración negativa do Vicerrectorado de Organización Académica.

O profesor Lago Ferreiro di que non foron integrados tódolos grupos nas Comisións do Claustro. Opina que hai ocultación de información e di que co actual POD non se aumenta a calidade da docencia.

O profesor Legido reconece algúns aspectos positivos como a dinamización do Claustro, pero sinala os seguintes aspectos negativos: non houbo o tradicional concerto de Nadal nin foron entregadas as insignias ós novos doutores o día de San Tomé e falta facer unha programación sobre o uso do galego. Tamén di que hai que ser máis rigoroso cos regulamentos.

O profesor López Pérez di que as normas de organización docente non son boas e que hai discriminación entre centros ó facer a planificación docente. Indica tamén que non hai capacidade de resolver problemas.

A profesora López Vidal di que os centros deberían ter información dos P.O.D.

O profesor Mallo Ferrer cre que esta sesión do Claustro non parece un debate porque non hai posibilidade de confrontar ideas. Opina que o balance anual foi elaborado con precipitación, que as infraestructuras que estaban en marcha están paralizadas e que a xestión económica (en particular a de a investigación) empeorou no último ano. Sinala tamén que actualmente a Universidade de Vigo é "menos pública e de menos calidade".

O profesor Martínez Peñalver di que atrasouse en exceso a distribución do orzamento do ano 1999. Sobre a "Cidade Universitaria S.A." opina que a idea é boa pero a maneira de

Dª Mª Dolores Rivero Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Gustavo Rodríguez Fuentes
Dª. Margarita Rodríguez Holguín
D. Luis Alfonso Rodríguez López
D. Manuel Rodríguez Moldes
D. Xoán Paulo Rodríguez Yáñez
D. Carlos Román Lago
D. José Ramón Rúa Rodríguez
D. José Óscar Rubiños López
D. Elena Sánchez Trigo
D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
Dª Evangelina Sierra Bernardino
Dª Mercedes Suárez Pazos
Dª Piedade Suárez Rosende
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
Dª Mª Concepción Tojo Suárez
Dª Dolores Troncoso Durán
D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
D. José Angel Vázquez Barquero
D. Camilo Vázquez García
D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
Dª Mª de las Mercedes Vila Alonso
D. Federico Vilas Martín
D. Carlos Vivas Martínez

DESCULPA A ASISTENCIA

D. Javier Pérez Guerra

levala a cabo é mala por precipitada por non consensuada e porque pode hipotecar á Universidade de Vigo por tratarse dunha sociedade anónima con ánimo de lucro. Di que sería máis correcta unha Fundación.

Preocúpalle que un socio sexa Caixa vigo e pregunta se é intención do equipo integrar na Universidade de vigo a titulación privada de Administración de Empresas que imparte Caixa Vigo.

O profesor Pérez Donsión manifesta as súas queixas sobre o proceso do concurso do novo edificio para a titulación de Enxeñeiros de Minas.

O profesor Pose expón que mentres os membros do equipo rectoral anterior estaban rompéndose a cabeza traballando e buscando financiación, o Rector actual estaba en Estados Unidos coñecendo o modelo que agora quere implantar. Di que dende unha concepción de esquerdas non se pode levar a cabo a creación da "Cidade Universitaria S.A." nos termos formulados. Opina ademais que o Rector perdeu autoridade moral e que en moitas ocasións non se aceptan no Claustro suxestións ou consellos dos claustrais.

O profesor Reigosa fala en representación de "Alternativa Universitaria" ó dicir que o grupo está presente neste Claustro por respecto á institución e para poder escoitar ós membros da oposición nas súas intervencións, pero que non se vai participar nin no debate nin na votación xa que os claustrais en nome dos que está a falar xa manifestaron o seu apoio á xestión do Rector e á programación anual no Claustro do día 9 de xullo.

O profesor Rey queíxase de que os membros da "Agrupación da Facultade de Ciencias" nunca foron chamados a falar nin das normas de organización docente ni da creación da Sociedade Anónima "Cidade Universitaria". Tamén di que a rede de comunicacións funciona mal e que a imaxe exterior da Universidade está deteriorada.

O profesor Rodríguez Berrocal indica que está decepcionado despois dun ano de xestión do actual equipo rectoral e que para ser un bo Rector non abonda con ser brillante, intelixente e traballador como Rasputín, Maquiavelo ou Hitler. Di que toda a comunidade universitaria está a sufrir a mala xestión actual: creación da "Cidade Unversitaria S.A." á que se cede a mellor parcela do Campus e nomeamento dos

conselleiros sen consultar, cesión a Feuga da xestión económica dos proxectos de I+D, e mala política de profesorado.

Por último cre que o Rector quere pasar á historia como Alexandro Magno, pero este tiña un bo exercito. O risco é ter un exército de camisas negras, fascistas e arribistas xa que así o Rector pode pasar á historia como Musolini.

O profesor Rúa opina que se manipulan as ordes do día do Claustro e pregunta se é legal a elección dos membros do Tribunal de Garantías, o cese do Director da Escola de Empresariais de Ourense ou a creación da figura de Administrador de Centros.

O profesor Tojo di que non houbo consenso en temas como as enquisas de avaliación do profesorado, as normas de elaboración dos P.O.D. e a Sociedade Anónima "Cidade Universitaria". Pregúntase porqué houbo présa en aprobar os presupostos antes do inicio de 1999 cando a aplicación práctica tivo tanto atraso. Cre ademais que a xestión económica empeorou e finaliza manifestando que o equipo rectoral non ten un proxecto global de Universidade nin capacidade de xestión.

O profesor Vázquez Barquero critica as obras paralizadas e di que o Rector claudica ante quen quere facer negocio a costa da universidade pública. Cre tamén que o modelo de Universidade do Rector non coincide co do seu grupo e que metres sexa así seguirán sendo oposición.

A profesora Alonso Escontrela expón ó Rector que a nova titulación en Pontevedra de Ciencias da Actividade Física e o Deporte é "unha apropiación indebida" dos logros do anterior equipo rectoral. Felicita ó Rector pola creación da Facultade de Ciencias da Educación, pero esta Facultade precisa dunha sede digna da que non se fala no informe presentado. Termina dicindo que a democracia non é só cuestión de legalidade senón de ética e de estética e pide máis humildade ó Rector.

O Sr. Álvarez Moreira quere que conste na acta unha serie de preguntas que se xuntan como ANEXO

O profesor Araujo di que o cese ilegal do Director da Escola de Empresariais de Ourense foi unha mostra de autoritarismo.

O profesor Barreiro Alonso di que falta consenso e diálogo real. Califica de pouco meditadas certas actitudes como, por exemplo, a apertura da área de Ciencias da Computación sen que a Xunta de Titulación lle asigne docencia.

O profesor Corbacho Rosas di que hai que cambiar o procedemento para programar as cuestións e chegar a un amplo consenso en moitos temas como, por exemplo, a Sociedade Anónima "Cidade Universitaria". É necesario un cambio de actitude na consideración das normas, na consideración de todos os alumnos como universo contable e na consideración da Universidade de Vigo como servizo público.

A Sra. Corbacho Suso critica a Sociedade Anónima "Cidade Universitaria" porque camiña na privatización. Queixase da falta de condicións axeitadas e de edificio na titulación de Dereito Económico.

A profesora de Miguel di que non hai debate real no Claustro, que se trata dun punto enmascarado de rogos e preguntas. Fala de mal funcionamento do Vicerrectorado de Profesorado e da mala conexión deste co de Investigación.

A continuación o Rector responde ás intervencións anteriores.

Agradece, en xeral, as intervencións e o estilo empregado.

Sobre a calificada como privatización da I+D di que é importante que a investigación se financie non só con fondos públicos, senon privados e que estes últimos deberían aumentar.

Corrixe a alusión á enquisa de avaliación docente, dicindo que o Rector non suprimiu a enquisa, senon que levou á Xunta de Goberno unha proposta de modificación. Agradece as palabras do profesor Legido sobre o concerto de Nadal e a entrega de condecoracións.

En relación coas normas de organización docente, que foron aprobadas por unanimidade na COAV e sen votos en contra en Xunta de Goberno, pregúntase quen quere instrumentalizar o P.O.D. ¿o goberno ou a oposición?

Responde ó profesor Martínez Peñalver aclarando que a titulación de CaixaVigo non vai estar incluída nas titulacións da Universidade.

Califica a intervención do profesor Pose en relación coa estancia en Estados Unidos, como indigna dun profesor e impropia dalguén que tivo un cargo de vicerrector.

Tranquiliza ó profesor Rúa sobre o cuidado da legalidade.

Contesta ó profesor Vázquez Barquero que, ó revés do que él decía, mentras o modelo do seu grupo non coincida co do Rector, seguirán sendo oposición.

Explica á profesora Alonso Escontrela o estado das negociacións para o edificio da Facultade de Ciencias da Educación.

Di que o profesor Rodríguez Berrocal perdeu os papeis na súa intervención e que con ela fai un fraco favor a súa condición de profesor e de exvicerrector e demostra ser un mal perdedor.

Remata a súa intervención dicindo que hai indicios claros de que a Universidade de Vigo vai converterse nun referente claro nas cidades de Ourense, Pontevedra e Vigo e convida a sumar esforzos da comunidade universitaria e das institucións.

A continuación os Vicerrectores de Investigación e de Planificación completan a resposta do Rector ós claustrais.

Nunha rolda de réplica interveñen os profesores Gallego, Mallo, M. Peñalver, R. Berrocal, Rúa, Tojo (José), Vázquez Barquero, Alonso Escontrela, Barreiro, Corbacho Rosas e os Sres., Álvarez Moreira e Corbacho Suso, finalizando este primeriro punto coa resposta do Rector.

No punto 2, sucédense as seguintes intervencións:

O profesor Fernández Suárez pregunta se será posible cumprir os prazos de pago que se indican na parte de xestión económica da programación anual. Di que a Oficina de Medio Ambiente, que era boa dende o punto de vista electoral, non ten presuposto nin apoio administrativo e que cómpre precisar as súas competencias e regularizar o seu funcionamento.

A profesora López Vidal insiste na información que deben ter os centros sobre os P.O.D. e aplaude que na programación anual se contemple a idea de promover convenios de "dobre titulación".

O profesor Mallo cre que o equipo foi máis alá das políticas conservadoreas que privatizan os servizos públicos, chegando ata a creación da "Cidade Universitaria S.A." Expón tamén que o futuro doutoramento en Medicina non é ningún mérito porque xa o dá o novo Decreto de terceiro ciclo.

O profesor Outes di que non é calidade descuidar a enquisa de avaliación do profesorado e crear comisións de adaptacións nos centros. Cualifica de "*contratos basura*" as bolsas de investigación.

Pregunta se á Sociedade Anónima "Cidade Universitaria" se lle vai encargar que mellore o nivel docente desta Universidade, sobre todo das Escolas de Enxeñería. Tamén pregunta se se van modificar os estatutos desa sociedade para que os seus beneficios revertan na Universidade. Di ó Rector que se absteña de perseguir a persoas da oposición pois xa está chegando a niveis gravísimos.

O profesor Pérez Donsión di que deben evitarse os atrasos na posta en marcha de novas liñas de teléfono cando son solicitadas polos centros.

O profesor R. Berrocal pensa que perdido xa un ano, non debe repetirse este debate o próximo. Dubida ademais que poida ser posible xa que na súa opinión, non están a interver os diferentes colectivos da comunidade universitaria.

O profesor Tojo Suárez critica o atraso e paralización no pagamento das facturas e di que deben adiantarse ós departamentos os cartos da produción científica. Fala do mal funcionamento da rede de datos da unviersidade e da inexistencia dun modelo de biblioteca.

Despois da resposta do Rector, ábrese unha rolda de réplica coas intervencións dos profesores Gallego, Mallo, Outes, P. Donsión, R. Berrocal, Tojo e V. Barquero.

A última intervención é a do Rector para concretar cuestións como as relativas a programas de doutoramento interuniversitarios, os problemas e solucións previstas na xestión económica e o traslado progresivo ó Campus de Lagoas-Marcosende dos diferentes vicerrectorados.

Antes de proceder á votación, o Presidente en funcións da Mesa pide que conste na acta que non vai participar na mesma.

A votación é secreta por pedimento dun grupo de claustrais.

O resultado foi o seguinte:

Votos emitidos	37
Votos a favor da programación anual	4
Votos en contra da programación anual	32
Votos en branco	1

Levántase a sesión ás 19 horas do día 23 de xullo de 1999, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo